

Artigo 7. *Modificación no rendemento neto da actividade gandeira de vacún para efectos da súa tributación no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, aprobará, con carácter excepcional para o ano 2001, a redución dos índices de rendemento neto, ós que se refire a Orde do 29 de novembro de 2000, que desenvolve o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicables ó sector de vacún afectado pola irrupción da encefalopatía esponxiforme bovina.

Artigo 8. *Cotas da Seguridade Social.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, afectados polo Plan coordinado de actuación de loita contra a EET, gozarán dunha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ó período entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2001, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

2. Así mesmo, concederáse unha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das cotas empresariais por xornadas reais do réxime especial agrario da Seguridade Social, correspondentes ó período sinalado na alínea anterior, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

3. A moratoria e, de se-lo caso, a devolución das cotas, deberán ser solicitadas polos afectados dentro do prazo e cos requisitos que para o efecto determine o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a través do organismo competente.

Artigo 9. *Plan de información a gandeiros.*

1. Autorízase o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación á negociación e sinatura dun convenio de colaboración coas asociacións e organizacións de produtores agrarias para facilitar mecanismos de información ós gandeiros sobre as obrigas sanitarias e doutra índole establecidas na normativa de erradicación da encefalopatía esponxiforme bovina.

2. O importe máximo da contribución da Administración xeral do Estado para o financiamento desta medida será de 50 millóns de pesetas.

Disposición adicional primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúen ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Compatibilidade das axudas.*

As axudas reguladas nesta disposición serán compatibles coas que, de se-lo caso, establezan as comunidades autónomas afectadas coa mesma finalidade, respectándose en todo caso os límites establecidos para o efecto polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Disposición adicional terceira. *Financiamento.*

O financiamento necesario para atende-lo custo das medidas contidas neste real decreto lei dotarase no orzamento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimenta-

ción, con cargo ás distintas seccións orzamentarias, e para eses efectos autorízase o Goberno a realiza-las transferencias de crédito que se consideren necesarias, sen que resulten de aplicación as limitacións previstas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria e no artigo 11 da Lei 13/2000, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2001.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Facúltanse os ministros de Facenda, de Traballo e Asuntos Sociais e de Agricultura, Pesca e Alimentación, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7791 *REAL DECRETO 410/2001, do 20 de abril, polo que se regula a pesca con artes fixas no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste. («BOE» 96, do 21-4-2001.)*

O Regulamento (CEE) 3760/92, do Consello, do 20 de decembro, polo que se establece un réxime comunitario da pesca e a acuicultura, fixa como obxectivo xeral da política pesqueira común a protección e conservación dos recursos mariños e a organización, sobre unha base sustentable, da explotación racional e responsable destes, en condicións económicas apropiadas para o sector, tendo en conta as súas repercusións no ecosistema mariño e tomando en consideración, en particular, tanto as necesidades dos produtores como as dos consumidores.

O Regulamento (CE) 850/98, do Consello, do 30 de marzo, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños, regulou as dimensións mínimas das mallas das redes de enmalle nas augas comunitarias e, entre elas, as da Rexión 3, na que se engloba o caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, favorecendo o seu desenvolvemento sustentable, e adopta-las medidas precisas para protexer, conservar e rexenerar estes recursos e os seus ecosistemas, adaptando o esforzo da flota á situación dos recursos pesqueiros.

As modalidades de pesca que se practican con artes fixas teñen grande importancia, económica e social, no litoral do Cantábrico e Noroeste, afectando a un elevado número de embarcacións, a maioría de pequeno porte, cunha notable repercusión sobre os recursos pesqueiros do dito caladoiro. Entre este tipo de artes de pesca

inclúese a «cacea ó corricán», que se ben non é unha arte fixa se encontra dentro da categoría de artes menores e que vén sendo practicada, habitualmente, polas mesmas embarcacións que faenan co resto dos aparellos establecidos nesta disposición.

A regulación da pesca con este tipo de artes encóntrase dispersa en diversas disposicións legais, algunhas das cales conteñen aspectos que precisan actualizarse. Esta circunstancia fai aconsellable a entrada en vigor deste real decreto para regular estas pesqueiras.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas do País Vasco, Cantabria, Asturias e Galicia, así como os sectores afectados. Así mesmo, cumpríronse os trámites previstos no artigo 46.2 do Regulamento (CE) 850/98.

A Constitución española atribúelle ó Estado, no seu artigo 149.1.19.^a, a competencia exclusiva sobre a pesca marítima, así como o establecemento da normativa básica de ordenación do sector pesqueiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2001,

DISPÓN O :

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto regula-lo exercicio da pesca con artes fixas que realicen os buques de pavillón español nas augas exteriores do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.

Artigo 2. *Clasificación das artes fixas.*

Para efectos deste real decreto, as artes fixas clasifícanse da seguinte maneira:

1. Volanta.
2. Rasco.
3. Palangre de fondo.
4. Artes menores, que se clasifican como:
 - a) Artes de enmalle.
 - b) Aparellos de anzol.
 - c) Nasas.

Artigo 3. *Condicións de utilización.*

1. A pesca con artes fixas cumprirá, en todo caso, o establecido no Regulamento (CE) 850/98, do Consello, do 30 de marzo, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvénis de organismos mariños.

2. As artes fixas deberán ser caladas a rumbo de praia.

3. A distancia mínima entre unha arte que se vaia calar e outra xa calada non será inferior a 100 metros.

Artigo 4. *Volanta.*

1. Definición: enténdese por volanta unha arte de enmalle fixa ó fondo, de forma rectangular, constituída por varios panos de rede unidos entre si, que se cala mediante un sistema de fondeadura, provista de lastres na relinga inferior e flotadores na superior para mantela en sentido vertical. A especie obxectivo principal é a pescada.

2. Características técnicas:

- a) As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 90 milímetros.
- b) Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50 metros

e unha altura máxima de 10 metros. A lonxitude máxima total da arte, medida de extremo a extremo, non poderá exceder de 7.000 metros.

Artigo 5. *Rasco.*

1. Definición: enténdese por rasco unha arte de enmalle fixa ó fondo, de forma rectangular, constituída por varios panos de rede unidos entre si. A arte vai armada entre unha relinga de flotadores e outra de lastres, de modo que o balance entre eles lle fai adoptar unha posición case tendida no fondo. Diferénciase da volanta por ter maior amplitude de malla. Diríxese fundamentalmente á captura de peixe sapo.

2. Características técnicas:

- a) As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 280 milímetros.
- b) Cada unha das pezas de rede ou panos que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3,5 metros. A lonxitude máxima total da arte, medida de extremo a extremo, non poderá exceder de 11.000 metros.
- c) Queda prohibido calar artes de rasco por dentro da isóбата de 50 metros.

Artigo 6. *Palangre de fondo.*

1. Definición: enténdese por palangre de fondo un aparello de anzol, fixo ó fondo, que consta dunha liña madre horizontal da que penden brazoladas verticais, ás que se empatan os anzois. Nos extremos e ó longo da liña madre van dispostos os necesarios elementos de fondeadura e flotación, que permiten mante-los anzois ás profundidades convenientes. As especies obxectivo principais son a pescada e outras demersais.

2. Características técnicas:

- a) O tamaño mínimo dos anzois para cada grupo de especies obxectivo especificácase no anexo deste real decreto.
- b) A lonxitude total máxima do palangre non poderá exceder de 15.000 metros. O número máximo de anzois non será superior a 4.000.

Artigo 7. *Artes menores de enmalle.*

1. Definición: artes formadas por un ou máis panos de rede armados entre dúas relingas, a superior provista de elementos de flotación e a inferior de lastres. Cálanse en posición vertical, dispendo os extremos da arte (cabeceiros) de cabos guías unidos pola súa parte alta a boias de superficie e pola súa parte baixa a un sistema de fondeadura, co fin de que permanezan na mesma posición desde que se calan ata que se levan.

2. Clasificación: as artes menores de enmalle clasifícanse nos seguintes tipos:

- a) Betas. Tamén reciben denominacións tales como volantillas, betillas, mallabakarra, entre outras.
- b) Miños.
- c) Trasmallos.

3. Betas.

a) Definición: artes de enmalle fixas ó fondo, de forma rectangular, constituídas por varios panos de rede.

b) Características técnicas:

1. As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 60 milímetros. Para linguado e pescada, as dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 80 milímetros.

2. Cada unha das pezas de rede que compoñen a arte terán unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3 metros. A lonxitude máxima

total da arte, medida de extremo a extremo, non poderá exceder de 4.500 metros.

4. Miños:

a) Definición: artes de enmalle fixas ó fondo de forma rectangular, constituídas por unha ou varias pezas, cada unha delas formada por tres panos de rede superpostos. Os dous panos exteriores son de iguais dimensións e do mesmo tamaño de malla e diámetro do fío. O pano interior, de malla de tamaño inferior, poderá ser de maior extensión.

b) Características técnicas:

1. As dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 500 milímetros nos panos exteriores nin a 90 milímetros no pano interior.

2. Cada unha das pezas de rede que compoñen a arte terán unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3 metros. A lonxitude total da arte, medida de extremo a extremo, non poderá exceder de 4.500 metros.

5. Trasmallos:

a) Definición: artes de enmalle fixas ó fondo, formadas por tres panos de rede superpostos, similares ós miños, dos que se diferencian polas dimensións das mallas.

b) Características técnicas:

1. No caso de trasmallos de tres panos, as dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 400 milímetros nos panos exteriores nin a 60 milímetros no pano interior.

2. No caso das redes semitrasmalladas de dous panos, as dimensións mínimas das mallas non serán inferiores a 400 milímetros nun dos panos e a 60 milímetros no outro.

3. Cada unha das pezas de rede que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 2 metros. A lonxitude máxima total da arte, medida de extremo a extremo, non poderá exceder de 4.500 metros.

Artigo 8. *Artes menores de aparellos de anzol.*

Entre os aparellos de artes menores que teñen como elemento básico o anzol distínguense os seguintes:

1. Liña: aparello vertical constituído por unha liña madre da que penden brazoladas ou sedelas con anzois. A liña pode ser de man e de cana. Así mesmo, recibe outros nomes, dependendo da súa estrutura e das especies ás que vaian dirixidas, tales como cordel, liña, espinel, canas, pincho, entre outras.

2. Poteira: aparello de liña vertical do extremo inferior do cal pende un elemento lastrado, xeralmente brillante ou de cores vivas, provisto de varios anzois.

3. Cacea ó corricán: aparellos de liña horizontal que son remolcados por unha embarcación que navega á velocidade apropiada para dar caza á especie que se vai capturar. A profundidade de traballo pode regularse. Os aparellos ou corricáns van armados sobre canas ou varas.

4. Palangrillo:

a) Definición: aparello de anzol que consta dun cabo madre horizontal do que penden brazoladas verticais, convenientemente separadas. Ten unha estrutura similar á do palangre de fondo, do que se diferencia polas súas menores dimensións.

b) Características técnicas:

1. O tamaño mínimo dos anzois para cada grupo de especies obxectivo especificase no anexo do presente real decreto.

2. A lonxitude total máxima do palangrillo non superará 3.000 metros. O número máximo de anzois non excederá de 1.000.

Artigo 9. *Artes menores de nasas.*

1. Definición: as nasas son artes fixas de fondo, construídas en forma de cesto, barril ou gaiola, compostas por un armazón ríxido ou semirríxido recuberto de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas ou bocas de extremos lisos, que permiten a entrada das especies ó habitáculo interior.

As nasas cálanse mediante un aparello denominado riceiro ou cacea, no que cada nasa se une a unha relinga chamada madre a intervalos regulares.

2. A estrutura da nasa terá como máximo as seguintes dimensións:

Lonxitude: 55 centímetros.

Largo ou diámetro: 35 centímetros.

3. Características técnicas: a lonxitude máxima total das artes de nasa non excederá os 5.000 metros e o número máximo de nasas por embarcación non excederá de 350.

4. Nasas para peixes: queda prohibida a tenza a bordo e a utilización de nasas dirixidas á captura de peixes.

No caso das nasas para peixes, non será de aplicación o número 2 deste artigo.

Artigo 10. *Buques autorizados para a pesca con artes fixas.*

Están autorizados para exercer a pesca con artes fixas os buques que, figurando inscritos no Rexistro de Buques Pesqueiros, figuren igualmente no correspondente censo por modalidades e estean en posesión dunha licencia de pesca para esta modalidade e caladoiro e cumpran as condicións establecidas neste real decreto. Para estes efectos, distínguense os seguintes censos por modalidades de pesca:

a) Volanta.

b) Rasco.

c) Palangre de fondo.

d) Artes menores.

Artigo 11. *Cambios temporais de modalidade.*

Os cambios temporais de modalidade de pesca entre os diferentes censos enumerados no artigo anterior ou outros, poderán ser autorizados, en función do estado dos recursos, polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, consultadas as comunidades autónomas afectadas, para períodos de tempo non superiores a seis meses; non obstante, en casos excepcionais, e sempre que o estado dos recursos o permita, estas autorizacións poderán prorrogarse por solicitude do interesado.

Artigo 12. *Esfuerzo pesqueiro.*

1. Non poderá, en ningún caso, aumentarse o esforzo pesqueiro que se exerce mediante a actividade de artes fixas, medido tanto en arqueo como en potencia motriz.

2. O período autorizado para exercer a pesca con artes fixas será, para cada buque, de cinco días por semana.

En todo caso, os aparellos e artes de pesca incluídos neste real decreto deberán ser retirados do seu calamento durante corenta e oito horas continuadas por semana e transportados a porto.

Desta obriga quedan excluídas as embarcacións que estean dedicándose á pesca de túnidos á cacea ou con canas e cebo vivo.

Artigo 13. *Potencia e eslora máxima das embarcacións de artes menores.*

1. A potencia máxima dos motores das embarcacións de artes menores será de 250 CV. Estas embarcacións non poderán supera-los 15 metros de eslora entre perpendiculares ou os 18 metros de eslora total.

2. As embarcacións de nova construción, destinadas a exercer-la pesca con artes menores, deberán ter un mínimo de 5 metros de eslora total e un arqueo mínimo de 1,5 GT.

3. As embarcacións a remo ou a vela non poderán exercer actividades pesqueiras en augas exteriores.

Artigo 14. *Balizamento das artes e aparellos.*

O balizamento das artes e aparellos fixos efectuarase mediante boias de cor vermella, laranxa ou amarela, provistas de reflector radar e dun mastro vertical de 2 metros de altura como mínimo, no que se incorporarán unha ou dúas bandeiras vermellas de 50 por 40 centímetros durante o día e unha ou dúas luces brancas visibles a unha distancia mínima de 2 millas, de noite, situadas a intervalos de 1 milla a partir de calquera dos seus cabeceiros.

As indicadas boias recollerán na súa parte visible a matrícula e folio do buque, así como a indicación do tipo de arte, que se fará constar mediante iniciais, de acordo coa seguinte clave:

- (V): volanta.
- (R): rasco.
- (P): palangre de fondo.
- (B): betas.
- (M): miños.
- (T): trasmallos.
- (A): aparellos de anzol de artes menores.
- (N): nasas.

A boia do cabeceiro situado máis ó sur ou máis ó leste levará, segundo sexa de día ou de noite, unha bandeira ou unha luz branca, das medidas ou características indicadas anteriormente.

A boia do cabeceiro situado máis ó norte ou máis ó oeste levará, segundo sexa de día ou de noite, dúas bandeiras superpostas verticalmente ou dúas luces brancas, das medidas ou características indicadas anteriormente.

Artigo 15. *Alternancia de artes menores.*

As embarcacións autorizadas a exercer-la pesca con artes menores poderán practicala coas artes e aparellos definidos nos artigos 6, 7 e 8 deste real decreto. Non obstante, durante a mesma xornada de pesca só poderán exercer-la actividade pesqueira cunha única arte ou aparello segundo a súa autorización.

Artigo 16. *Infraccións e sancións.*

As infraccións ó disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co previsto pola Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e, se é o caso, normas regulamentarias do seu desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Autorización especial de actividade.*

Non obstante o establecido no número 1 do artigo 13 deste real decreto, aqueles buques cunha potencia ou unha eslora autorizada superior, que na data de entrada en vigor deste real decreto estean autorizados para a pesca con artes menores, poderán continua-la súa actividade durante a súa vida útil e, se é o caso, ser substituídos por buques que se axusten ás características técnicas establecidas neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Autorización provisional para a autorización de nasas para peixes.*

Non obstante o establecido no número 4 do artigo 9, aqueles buques que na data de entrada en vigor deste real decreto estean autorizados para practicala pesca con nasas para peixes poderán continua-la súa actividade durante a súa vida útil.

Disposición adicional primeira. *Reglas de aplicación.*

A normativa contida neste real decreto constitúe lexislación de pesca marítima, ó abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, salvo o artigo 13, que constitúe normativa básica de ordenación do sector pesqueiro e se dicta, así mesmo, ó abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición adicional segunda. *Pesqueiras locais excepcionais.*

No marco dun plan de pesca, no caso de pesqueiras locais, e tendo en conta os usos e costumes tradicionais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, oída a Comunidade Autónoma afectada e as organizacións profesionais, poderá conceder autorización para a utilización de aparellos, artes ou outros útiles de pesca de dimensións e características técnicas que non se axusten ás recollidas neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto neste real decreto, e, en particular:

a) Real decreto 1683/1997, do 7 de novembro, polo que se regula a pesca con artes menores no caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste.

b) Orde do 30 de xullo de 1983 pola que se regula o exercicio da pesca coa arte de volanta, dentro do caladoiro nacional no litoral Cantábrico e Noroeste, excepto o artigo 10.

c) Orde do 30 de xullo de 1983 pola que se regula o exercicio da pesca coa arte de rasco, dentro do caladoiro nacional no litoral Cantábrico e Noroeste, excepto o artigo 12.

d) Orde do 30 de xullo de 1983 pola que se regula o exercicio da pesca coa arte de palangre de fondo, dentro do caladoiro nacional no litoral Cantábrico e Noroeste, excepto as disposicións adicionais primeira e segunda.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o cumprimento e aplicación do disposto neste real decreto e, en particular, para modifica-lo contido do anexo, en función do estado dos recursos e de acordo coa normativa comunitaria.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación actualizará os censos das modalidades de volanta, rasco, palangre de fondo e artes menores do caladoiro nacional do Cantábrico e Noroeste, que se publicarán no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO

Tamaños mínimos dos anzois, segundo as especies obxectivo

Tipo e especies	Longo do anzol, en centímetros	Largo do seo, en centímetros
A) Congro grande, cherna, mero	6,00 ± 1,50	2,30 ± 0,50
B) Pescada, congro, mero, castañeta, ollomol, xarda .	3,85 ± 1,15	1,60 ± 0,40
C) Bertorella, prago, sargo .	2,70 ± 0,07	1,05 ± 0,15
D) Salmonete e peixes de rocha, maragota, faneca ..	2,05 ± 0,05	0,80 ± 0,10

XEFATURA DO ESTADO

7996 LEI 4/2001, do 24 de abril, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 15.560.625.000 pesetas, para compensar o déficit da Compañía «Trasmediterránea, Sociedad Anónima», correspondente ó exercicio de 1997, pola explotación dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional e os axustes pola finalización do contrato regulador dos referidos servizos. («BOE» 99, do 25-4-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 1876/1978, do 8 de xullo, polo que se establece o réxime de prestación dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional, autorizou o daquela Ministerio de Transportes e Comunicacións a subscribir coa Compañía «Trasmediterránea, Sociedad Anónima», o contrato polo que se rexerán os mencionados servizos e aprobou as bases ás que se ten que axustar este contrato.

Estes servizos veunos prestando a compañía en virtude do establecido no seu contrato regulador, que se formalizou en escritura pública o 4 de setembro de 1978,

fixándose na súa cláusula terceira que o contrato terá unha duración de vinte anos a partir da súa entrada en vigor, con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de 1978, debendo entenderse prorrogado se dous anos antes do seu remate non fose denunciado por algunha das partes, non podendo a prórroga tácita exceder de dous anos.

O Consello de Ministros, na súa reunión do 19 de maio de 1995, autorizou a denuncia do contrato nos termos establecidos na súa cláusula terceira.

A cláusula vixésimo quinta do contrato establece que o equilibrio económico-financieiro se obterá a través das achegas do Estado fixadas na denominada «Conta do Estado».

Na «Conta do Estado» concernente ó exercicio de 1997 a «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» incluíu como axustes por fin de contrato unha serie de conceptos susceptibles de seren incorporados por ser este o último ano de vixencia do contrato e corresponder basicamente a gastos devengados no ano 1997 e a dereitos non realizados durante a vixencia do contrato.

A «Conta do Estado» correspondente ó exercicio de 1997, presentada pola compañía, unha vez corrixida de conformidade cos axustes realizados pola Intervención Xeral da Administración do Estado presenta un saldo a favor de «Trasmediterránea, Sociedad Anónima» de 15.560.625.000 pesetas.

O crédito extraordinario está destinado a financiarlle á «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima» o déficit do exercicio de 1997 e os axustes por finalización do contrato, con obxecto de conseguilo equilibrio económico-financieiro dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional prestados pola compañía en virtude do establecido no contrato regulador dos citados servizos, suscrito o 4 de setembro de 1978, e tramítase de acordo co Consello de Estado logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 15.560.625.000 pesetas, á sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 32 «Dirección Xeral da Mariña Mercante», programa 514D «Subvencións e apoio ó transporte marítimo», capítulo 4, «Transferencias correntes», artigo 44 «A sociedades mercantís estatais, entidades empresariais e outros organismos públicos», concepto 443 «A «Compañía Trasmediterránea, Sociedad Anónima», para compensar o déficit pola explotación dos servizos de comunicacións marítimas de interese nacional, durante o exercicio de 1997 e os axustes por finalización do contrato».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 24 de abril de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ